

EXTRACTO DA NORMATIVA APLICABLE NO TOCANTE Á PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE
AVALIACIÓN CURRICULAR

NORMATIVA DE PERMANENCIA NA UNIVERSIDADE DE VIGO

(pódese consultar a norma completa en <http://www.uvigo.es/informacion/index.gi.htm>)

Artigo 6. Avaliación curricular

Os estudantes da Universidade de Vigo poderán solicitar, ademais doutros procedementos xa previstos na lexislación vixente, unha valoración complementaria do seu rendemento académico, segundo o establecido a continuación:

REQUISITOS DA SOLICITUDE:

6.1. Unha vez consumida a 5ª convocatoria sen superar unha materia, o estudante poderá solicitar perante da Comisión Permanente do centro onde cursa estudos, acollerse ao procedemento de avaliación curricular. **Para as materias do último curso da titulación ou cando sexa a única materia pendente da súa titulación poderá solicitalo unha vez consumida a 4ª convocatoria.** (...)

Para acollerse a Avaliación Curricular o estudante **deberá estar matriculado** na Universidade de Vigo e **ter consumido unha convocatoria** da materia obxecto da solicitude **nos últimos tres anos académicos** na Universidade de Vigo.

Para acollerse a Avaliación Curricular o estudante **deberá ter superados ó menos a metade dos créditos da titulación** correspondente na Universidade de Vigo.

LÍMITES DA SOLICITUDE:

6.2. No transcurso da titulación, cada estudante poderá solicitar a avaliación curricular en **dúas materias** en titulacións de só primeiro ciclo ou só segundo ciclo (...)

Poderán someterse á Avaliación Curricular **materias obrigatorias, troncais e optativas**, sendo excluídas as estadias Clínicas ou Prácticas, o "Practicum", as materias de libre elección e os Proxectos ou Traballos Fin de Carreira.

(...)

ÓRGANOS DE RESOLUCIÓN:

6.4. (...) Comisión de Avaliación¹ composta por:

- (...)
- Un estudante titular e un suplente propostos polo solicitante entre os da mesma titulación e orientación que teñan superada a materia e estean matriculados (se é posible) nun curso superior. Caso de non presentar proposta, o presidente/a determinará o procedemento de selección.

PROCEDEMENTOS DA AVALIACIÓN CURRICULAR:

A solicitude de avaliación curricular presentarase mediante **instancia** dirixida ao Decano/Director do centro onde curse os estudos o /a alumno/a. Para iso, o centro abrirá un prazo de **15 días hábiles** para presentación de solicitudes **a partir do día seguinte da data oficial de entrega de actas** dos exames.

(...)